

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 15 de maio de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e dous minutos do día quince de maio do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *María Beatriz del Cerro del Río*, Vicesecretaría Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes a deputada *Paula Bonzós Barros* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37088.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026.

2.37089.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRO DUN CAMIÓN DE LIXO CON DESTINO A AREA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE AGOLADA”. (Expte. 2026010716)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 26/02/2026, mediante rexistro WEB2026012580, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de AGOLADA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 100.000,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “SUBMINISTRO DUN CAMION DE BASURA CON DESTINO A AREA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE AGOLADA” (exp.: 2026010716), cuxo orzamento ascende a 100.000,00 euros.

Deste modo, a petición do Concello de AGOLADA queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	100.000,00€	100.000,00€	0,00€	0,00€

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez



realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerá polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

- A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 08/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:
- Conceder ao concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 100.000,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “SUBMINISTRO DUN CAMION DE BASURA CON DESTINO A AREA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE AGOLADA” (Exp.:2026010716), cuxo orzamento ascende a 100.000,00 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-Plan + Provincia 2026-2027	Achegas Doutras Administracións	Fondos Propios Concello
2026	100.000,00 €	100.000,00 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao concello de AGOLADA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.37090.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE AGOLADA”. (Expte.2025081226)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025081226, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025081226.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Agolada o importe que lle corresponde é de 89.349,17€.
- En data 16/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025085744) dunha petición do Concello, para unha subvención por importe de 89.349,17 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Obras de mellora nas instalacións do polideportivo municipal de Agolada”, cun orzamento de 89.349,17 € dos cales 81.726,17 € son de execución de obra e 7.623,00 € de honorarios.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 23/02/2026.
- Así mesmo, o 23/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 21/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Agolada relativa ao financiamento do investimento denominado “Obras de mellora nas instalacións do polideportivo municipal de Agolada” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 89.349,17 €, dos cales 81.726,17 € son de execución de obra e 7.623,00 € de honorarios.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Agolada, CIF P3600100F a cantidade de 89.349,17 € con destino ao financiamento do investimento “Obras de mellora nas instalacións do polideportivo municipal de Agolada” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 89.349,17 € dos cales 81.726,17 € son de execución de obra e 7.623,00 € de honorarios.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do III PEID (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- **AUTORIZAR E COMPROMETER** o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- **DAR TRASLADO** do presente acordo ao Concello de Agolada, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



4.37091.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTÉ. 2026027429)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.
- De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CAMBADOS					
Data de presentación:		31/03/2026 (registro WEB2026026316)			
Datas emendas:		22/04/2026 (registro WEB2026035019) 23/04/2026 (registro WEB2026035497)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	<i>7 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro, 1 limpador/a, 1 técnico/a de administración e 1 analista de comercio en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 supervisor/a de instalacións deportivas e 1 técnico/a de xestión forestal e do medio natural en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses e 6 monitores/as de ocio e tempo libre en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i>	220.141,09 €	214.890,62 €	9.194,76 €	210.946,33 €

- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CAMBADOS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	210.946,33 €



- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

- I.- Instrución do expediente:
 - A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.
- II.- Petición e evacuación de informes:
 - Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
 - Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
 - Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
 - Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
 - Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
 - Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.
- III.- Resolución do expediente
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 87UKKMR9AUJ9J22) e do informe de Intervención (CSV: U1X9QWCGGBKGUV9), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR a concesión dunha subvención ao Concello de Cambados (CIF P3600600E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cambados (P3600600E)	19	<i>7 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro, 1 limpador/a, 1 técnico/a de administración e 1 analista de comercio en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 supervisor/a de instalacións deportivas e 1 técnico/a de xestión forestal e do medio natural en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses e 6 monitores/as de ocio e tempo libre en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i>	210.946,33 €



- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.37092.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL” (Expte. 2026024174)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 27/03/2026, con rexistro núm. WEB2026024923, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Cambados na que solicita unha subvención por importe de 91.190,34 euros con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.:2026024174), cun orzamento por importe de 91.199,94 euros.



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Actividades de enoturismo 2026	10.102,40 €	10.101,39 €
Actividades de clown e circo 2026	4.840,00 €	4.839,52 €
VIII Carreira popular de Cambados 10 KM	10.000,00 €	9.999,00 €
Iniciativas turísticas 2026	10.659,99 €	10.658,92 €
As verbenas da LXXIV Festa do albariño: Alkar e D'Noche	10.285,00 €	10.283,97 €
Programación integral de educación ambiental e dinamización sostible “Natur Cambados 2026”	20.000,00 €	19.998,00 €
IV Feira de ProdutoAs, en feminino	15.312,55 €	15.311,02 €
Atención á diversidade funcional e sanidade no ano 2026	10.000,00 €	9.999,00 €
TOTAL	91.199,94 €	91.190,34 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 29/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Cambados, CIF:P3600600E, a cantidade de 91.190,34 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.:2026024174), cun orzamento por importe de 91.199,94 euros.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cambados, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

6.37093.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DO CRISTO E DIVULGACIÓN CULTURAL, PROMOCIÓN TURÍSTICA E DINAMIZACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO” (EXPTE. 2026024982)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 31/03/2026, con rexistro núm.web2026026312, dentro do prazo fixado na convocatoria (documentación subsanada en data 16/04/2026 con rexistro núm. WEB2026033608), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Cangas de Morrazo na que solicita unha subvención por importe de 151.864,00 euros con destino ao financiamento de “Festas do Cristo e divulgación cultural, promoción turística e dinamización do tecido asociativo” (Expte.:2026024982), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 50.000,00 euros da liña 3-activación de emprego á liña 2.



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Así Canta Cangas- Sonorización Eirado do Costal	7.000,00 €	7.000,00 €
Así Canta Cangas e Canjazz- Palco Eirado do Costal	3.000,00 €	3.000,00 €
Diversos eventos verán- Carpa na Alameda Vella	10.000,00 €	10.000,00 €
Festas do Cristo 2026 – Iluminación rúas	22.000,00 €	22.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Inspección das atraccións	5.000,00 €	5.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Distribución de espazos	6.000,00 €	6.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Contratación de grupos musicais e cachés artistas	41.864,00 €	41.864,00 €
Festas do Cristo 2026- Aluguer de escenarios	16.000,00 €	16.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Seguridade, ambulancias e plans autoprotección	16.000,00 €	16.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Tiradas de fogos artificiais (30 agosto)	15.000,00 €	15.000,00 €
Organización “Feira da Tapa” e promoción	10.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL	151.864,00 €	151.864,00 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 16/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Cangas de Morrazo, P3600800A, a cantidade de 151.864,00 € con destino ao financiamento de “*Festas do Cristo e divulgación cultural, promoción turística e dinamización do tecido asociativo*” (Expte.2026024982), cun orzamento por importe de 151.864,00 € para levar a cabo as seguintes actividades:

	Orzamento	Subvención solicitada
Así Canta Cangas- Sonorización Eirado do Costal	7.000,00 €	7.000,00 €
Así Canta Cangas e Canjazz- Palco Eirado do Costal	3.000,00 €	3.000,00 €
Diversos eventos verán- Carpa na Alameda Vella	10.000,00 €	10.000,00 €
Festas do Cristo 2026 – Iluminación rúas	22.000,00 €	22.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Inspección das atraccións	5.000,00 €	5.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Distribución de espazos	6.000,00 €	6.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Contratación de grupos musicais e cachés artistas	41.864,00 €	41.864,00 €
Festas do Cristo 2026- Aluguer de escenarios	16.000,00 €	16.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Seguridade, ambulancias e plans autoprotección	16.000,00 €	16.000,00 €
Festas do Cristo 2026- Tiradas de fogos artificiais (30 agosto)	15.000,00 €	15.000,00 €
Organización “Feira da Tapa” e promoción	10.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL	151.864,00 €	151.864,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Cangas de Morrazo, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7.37094.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 (ANUALIDADE 2026) LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL”. (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2024) (Expte. 2026027271)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025, mediante acordo do Pleno da Deputación núm. 3.8370 outorgóuselle ao concello de Crecente unha subvención por importe de 500.000,00 euros, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024, co obxecto do financiamento do investimento “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL” (expediente 2024077836) con base a un orzamento que ascendía a 588.235,29 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 88.235,29 euros.
- En data 25/04/2025, mediante acordo plenario núm. 5.8396, modificouse a base quinta do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os Concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026, con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente”.



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 1ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter anual sempre que o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención ascende os vinte mil euros (20.000,00€), IVE engadido.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/04/2026, do xefe do servizo de Cooperación, de data



07/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de Ponte Caldelas, CIF: P3604300H, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 222.559,69 euros, co obxecto de financiar o investimento “OBRAS DE MELLORA DE CINCO CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PONTE CALDELAS” (expdte 2026005764). O orzamento total da actuación cífrase no mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, da entidade Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Deputación de Pontevedra canda a primeira xustificación da axuda económica. Deberá achegar, así mesmo, o acordo (ou a resolución) de aprobación do proxecto técnico e acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Ponte Caldelas, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37100.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE”. (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2026005703)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1, do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).



- En data 27/03/2026, mediante acordo do Pleno da Deputación núm. 5.8616 outorgou ao Concello de Ponte Caldelas unha subvención por importe de 462.495,88 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é financiamento do investimento “RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE” (expdte 2025072078), cuxo orzamento total ascende a contía de 578.119,85 euros. A achega municipal fíxase en 115.623,97 euros.
- Con data 30/01/2026, con núm. de rexistro WEB2026005956, en prazo e forma, , o Concello de Ponte Caldelas solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 115.623,97 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE” (expdte 2026005703).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistro no Servizo de Cooperación:
 - o 2025072078 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025075632 de 31/10/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 30/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Ponte Caldelas, CIF: P3604300H, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 115.623,97 euros, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento “RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE (expdte 2026005703). O orzamento total da actuación cífrase en 578.119,85 euros; o financiamento complétase cunha subvención de 462.495,88 euros xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2025, mediante acordo do Pleno núm. 5.8616 do 27/03/2026.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Ponte Caldelas, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.37101.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O APOIO E IMPULSO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS”. (Exppte. 2026000502)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de RODEIRO o importe que lle corresponde é de 89.110,23 €.
- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000434) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 89.110,23€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Construción de vestiarios para o apoio e impulso das actividades deportivas”, cun orzamento total de 142.891,32 €, dos que 89.110,23€ son subvencionables e 53.781,09 € da achega municipal.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/03/2026.
- Así mesmo, o 24/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 21/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver a concesión da subvención correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Rodeiro relativa ao financiamento do investimento denominado “Construción de vestiarios para o apoio e impulso das actividades deportivas” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 89.110,23 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Rodeiro, CIF P3600900I a cantidade de 89.110,23 € con destino ao financiamento do investimento “Construción de vestiarios para o apoio e impulso das actividades deportivas” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 142.891,32 €, dos que 89.110,23 € son subvencionables e 53.781,09 € de achega municipal.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- **AUTORIZAR E COMPROMETER** o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- **DAR TRASLADO** do presente acordo ao Concello de Rodeiro, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

15.37102.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN RÚA VIGO E ADXACENTES E REORDENACIÓN TRÁFICO PASEO SILGAR DENDE A ROTONDA DE BALTAR”. (Expte.2026025615)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1, do 2 de xaneiro de 2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026026311), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 349.054,70 euros, con destino ao financiamento “PAVIMENTACIÓN RÚA VIGO E ADXACENTES E REORDENACIÓN TRÁFICO PASEO SILGAR DENDE A ROTONDA DE BALTAR”, cun orzamento por importe de 349.054,70 euros. Detectado erro no importe solicitado, en datas posteriores, reformula a solicitude, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	349.054,70	125.148,20	0,00	223.906,50

- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o Concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Consta no expediente autorización de AXI, e comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, dando traslado de declaración responsable.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SANXENXO (P3605100A), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 125.148,20 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN RÚA VIGO E ADXACENTES E REORDENACIÓN TRÁFICO PASEO SILGAR DENDE A ROTONDA DE BALTAR” (exp.2026025615), cuxo orzamento ascende a 349.054,70 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	349.054,70€	125.148,20€	0,00€	223.906,50€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SANXENXO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.37103.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA NAS MARXES DAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO, TUI”. (EXPTE. 2026021610)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1, do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- Na data 20/03/2026, núm. rexistro WEB2026021992 (documentación subsanada posteriormente na data 07/04/2026 con núm. rexistro WEB2026029454), dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Tui na que solicita unha subvención por importe de 138.886,89 euros con destino ao financiamento de “*Servizo de roza e limpeza nas marxes das vías de titularidade municipal do concello, Tui*” (Expte.:2026021610), cun orzamento por importe de 200.086,00 euros.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de roza e limpeza nas marxes de todas as vías de titularidade municipal do Concello de Tui	200.086,00 €	138.886,89 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



Bases de execución do vixente orzamento provincial.

- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 08/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Tui, CIF:P3605500B, a cantidade de 138.886,89 euros, con destino ao financiamento de “Servizo de roza e limpeza nas marxes das vías de titularidade municipal do Concello, Tui” (Expte.:2026021610), cun orzamento por importe de 200.086,00 euros.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Tui, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

17.37104.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS POR TECNOLOXÍA LED EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”. (EXPTE. 2025082478)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa o importe que lle corresponde é de 312.440,44 €.



- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087026) dunha petición do Concello, emendada na data 27/03/2026 (núm. rexistro WEB2026024588) a requirimento da Deputación, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 181.258,00 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Substitución de luminarias por tecnoloxía led en instalacións deportivas”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID. O documento de acreditación da titularidade das instalacións onde se pretende realizar o investimento, é verificable mediante CSV na sede electrónica do Concello.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 27/03/2026.
- Así mesmo o 27/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 24/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Vilagarcía de Arousa relativa ao financiamento do investimento denominado “Substitución de luminarias por tecnoloxía led en instalacións deportivas” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 181.258,00 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Vilagarcía de Arousa, CIF P3606000B, a cantidade de 181.258,00 € con destino ao financiamento do investimento “Substitución de luminarias por tecnoloxía led en instalacións deportivas” ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento do mesmo importe.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vilagarcía de Arousa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

18.37105.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026/2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “REXENERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS DE VILANOVA DE AROUSA”. (Expte. 2026022868)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1, do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de VILANOVA DE AROUSA que importa 900.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “REXENERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS DE VILANOVA DE AROUSA” (exp2025072580) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
1.270.551,57€	900.000,00€	0,00€	370.551,57€

- A base quinta do Plan Extra 2025 establece que o concello, atendendo a súa solvencia económica, poderá financiar a súa achega nas anualidades de 2026 e 2027 do Plan +Provincia, ou do plan de obra de servizos que, no seu caso, o substitúa.
Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/03/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña".



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 14 de abril de 2026, elaborou un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria E Programa De Trabajo	Plan De Actuacións Medioambientais	Puntuación Sobre "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	13,00	3,00	16,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
HORDESCON, S.L.	13,00	2,00	15,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,00	2,00	21,00
NAROM, S.L.	17,00	3,00	20,00
UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 14 de abril de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre b			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	1.069.202,01 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	1.021.091,29 €	3,00%	36 MESES	SI
HORDESCON, S.L.	1.120.677,13 €	1,50%	12 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	1.000.232,09 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	1.097.350,71 €	3,00%	36 MESES	SI
UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	1.003.820,77 €	3,00%	36 MESES	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., presentaron dentro do prazo a través do Rexistro electrónico da Deputación, xustificación das súas ofertas, dando traslado das mesmas ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.



Resultando.- Que constan no expediente con CSV: 9XBQWN5NGNDJKSKO e CSV: 9F030NWIOMQ70893 informes do Director do Servizo de Infraestruturas, en relación á xustificación das baixas temerarias enviadas por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., recollendo nos mesmos que non xustifican suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada polas mesmas, e non deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/04/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	SOBRE "B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	17,15	5,00	5,00	5,00	32,15
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	29,79	5,00	5,00	5,00	44,79
HORDESCON, S.L.	0,27	0,00	1,25	5,00	6,52
NAROM, S.L.	8,19	5,00	5,00	5,00	23,19

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "a"	Puntuación sobre "b"	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	44,79	67,79
2	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	32,15	48,15
3	NAROM, S.L.	20,00	23,19	43,19
4	HORDESCON, S.L.	15,00	7,77	22,77



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (CIF A36008886) por un importe de 1.235.520,46 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 5154,56 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 08/05/2026 con número de operación 12026000089453.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia do inicio do expediente que consta con CSV: 6O7DQHBWKAZHHYDV, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña", por un importe estimado de 9.126,75 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) HXRIKWJUIDNC6J6M no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2024017627, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000089514.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.021.091,29 €
IVE (21%)	214.429,17 €
Importe Total.....	1.235.520,46 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DOCE (12) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026003516.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña"(Expte 2026007437), por un importe de 9.126,75 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	7.542,77 €
IVE (21%).....	1.583,98 €
Importe Total.....	9.126,75 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026007437.



28.37115.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36533537), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA E.P. 1005 VISO-HÍO (CONCELLO DE CANGAS)". (Expte. 2021005584)(Devogarán 2025071112)

Por acordo 6.30894 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 22 de outubro de 2021 (CSV.- BC8HS6OC89CFM9UX), acordouse, entre outros asuntos, o “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*”. (Núm. Exp. 2021005584)

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Movimientos de áridos y construcciones de Arosa, S.L. (CIF.- B-36.533.353)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353)	38.460,85€	202100188521	11/10/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 0GU5X35NM75VV5XQ), no cal sinala que “(...) *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 25/10/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de trinta e oito mil catrocentos sesenta euros con oitenta e cinco céntimos (38.460,85 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100188521, de data 11/10/2021(...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- M4Q4O68HN39A13VV), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF.- B-36.533.353), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*” (Núm. Expte. 2021005584), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. (CIF.- B-36.533.353), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval, emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S.A. (A-28.007.268) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 2N-G-361.000.090*”, por importe de trinta e oito mil catrocentos sesenta euros con oitenta e cinco céntimos (38.460,85 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 11/10/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030530 (Carta de pago número 202100188521).

29.37116.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO VECIÑAL GATO NEGRO PARA O INVESTIMENTO “MEJORAS EN EL LOCAL DE NUESTRA SOCIEDAD” INCLUÍDO NO PROGRAMA PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025. (Expte. 2025018638)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247 do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 9.685,35 euros á Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro co obxecto do financiamento do investimento “*Mejoras en el local de nuestra sociedad*” (expediente: 2025018638), en base a un orzamento de 9.685,35 euros.



Terceiro.- Nas datas 16/03/2026 (núm. rexistro WEB2026020033) e dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada na Sede Electrónica da Deputación a documentación requirida nas bases reguladoras para a xustificación da axuda concedida, correspondente ao investimento “*Mejoras en el local de nuestra sociedad*” (expediente: 2025018638), e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 24/03/2026 a facultativa técnica presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: XWD21NTIF3JCOT8M.

Cuarto.- En data 28/04/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existe informe desfavorable da Intervención provincial de data 6 de novembro de 2025 (CSV: 8KGBTCK3MYX3IOSF), respecto á concesión da subvención á Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro.

Quinto.- Dado que a Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro CIF G36026151, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 9.685,35 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da intervención provincial de data 28/04/2026 de da xefatura do Servizo de Cooperación de data 06/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 9.685,35 euros a favor da Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro, con CIF G36026151, ao abeiro do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



30.37117.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. ORDÓÑEZ” CONCELLO DE TOMIÑO. (Expte.2022046389)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 21 de outubro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Tomiño unha subvención por un importe máximo de 12.675,96 euros (o que supuña o 90% respecto dunha estimación de gasto de 14.084,40 euros) para o proxecto “Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre os equipamentos na Avda. Ordóñez”. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 22/456.9420.762.10/21 e 22/456.9420.762.10.

Terceiro.- En data 13 de abril de 2023 o Concello de Tomiño remite con código de rexistro WEB2023024916 o proxecto técnico:

- Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

Cuarto.- En data 26 de decembro de 2023 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe (CSV: 1EILA6MYXXDY2PXM) de validación técnica favorable respecto das bases. Notifícase o 28 de febreiro de 2024.

Quinto.- En data 31 de maio de 2024, o Concello de Tomiño completa a remisión da documentación xustificativa con código de rexistro WEB2024035668 para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Proxecto de recuperación de espazos públicos para as persoas.
- Informe dunha técnica ou técnico municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos de carácter técnico establecidos na base reguladora cuarta e se corresponde coa memoria presentada coa solicitude.



- Informe de validación técnica favorable emitido polos Servizos técnicos da Deputación.
- *Certificado* conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- *Xustificación* dos gastos:
 - o Certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto.
 - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
 - o Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
- *Acreditación* da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.
- *Certificación* da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- *Conta* xustificativa segundo modelo da Deputación de Pontevedra.

Sexto.- O 28 de outubro de 2024 efectúase un requirimento solicitando:

- A aclaración de por que remiten aprobación dun proxecto anterior, non o do informado polo Técnico de Infraestruturas.
- A sinatura do Secretario no decreto de adxudicación.

Sétimo.- O 14 de novembro de 2024 presentan documentación xustificativa solicitada no requirimento. O Concello de Tomiño achega:

- *Informe* do redactor do proxecto de non modificación substancial do proxecto.
- *Certificado* de adxudicación asinado polo Secretario.
- *Aclaración* da alcaldesa da versión do proxecto.

Oitavo.-O 3 de abril de 2025 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe técnico (CSV: 9SSZ34XIHXT08ZV1) que ten por obxecto determinar o carácter e alcance entre dúas versións do mesmo proxecto, dando conformidade e considerándose axustado a o á realidade o informe feito polo redactor do proxecto na data do 13 de novembro de 2024 (CSV HJ4ZBCGEQD2N8UC6) en resposta ao requirimento do Servizo de Intervención de data 28 de outubro de 2024 (CSV ICPGJBLL86PS9P5B).

Noveno.-En data 16 de abril de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: EB51HUTQIX85DZRT), proponendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 14.084,40 € por recoñecemento extraxudicial de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo.-En data 29 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: A2V1VPB6H3A3V20G) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito o que permite continuar coa tramitación.



De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 14.084,40 euros. O Concello de Tomiño xustificou un gasto total de 14.084,40 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 12.675,96 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- *Visto* que o Concello de Tomiño presentou en prazo e forma a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Vista a *demora* na posta a disposición do informe de supervisión técnica favorable.
- Visto que se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia *favorable* de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Tomiño para a redacción do proxecto “Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre os equipamentos na Avda. Ordóñez”, e propónse á Xunta de Goberno a aprobación da mesma polo anteriormente exposto; por importe de total de 12.675,96 euros con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.
- Segundo.- *Notificar* o presente acordo ao Concello de Tomiño ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

31.37118.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS DA AVENIDA REPÚBLICA ARXENTINA. FASE I” CONCELLO DE TOMIÑO. (Expte. 2022046396)

Primeiro.– A Xunta de Goberno, na sesión do 13 de maio de 2022, aprobou as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, publicadas no BOPPO nº 96 do 20 de maio de 2022. Este plan dá cumprimento ao artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e ten por finalidade colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.



Segundo.- Na sesión do 21 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno adxudicou ao Concello de Tomiño unha subvención por importe máximo de 11.091,47 € (90% dun gasto estimado de 12.323,85 €) para o proxecto “Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre os equipamentos da Avenida República Arxentina. Fase P”. A subvención financiarase con cargo ás aplicacións 22/456.9420.762.10/21 e 22/456.9420.762.10.

Terceiro.- O 31 de xaneiro de 2024 o Concello de Tomiño remite o proxecto técnico.

Cuarto.- O 20 de febreiro de 2024 os servizos técnicos da Deputación emiten informe de validación técnica favorable (CSV: 5OU7LOW1BA69G1OR).

Quinto.- O 12 de xuño de 2024 o Concello remite documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora (tralo requirimento do 10 de xuño de 2024 practicado pola Deputación de Pontevedra). Recibida a devandita documentación polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- *Certificado* conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente (*sobre o que se efectuará un segundo requirimento pola discrepancia de datas*).
- *Xustificación* dos gastos:
- *Certificación* do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto (*sobre o que se realizará un terceiro requirimento*).
 - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
 - o Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
- *Acreditación* da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.
- *Certificación* da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- *Conta* xustificativa segundo modelo da Deputación de Pontevedra.
- *Informe* de validación técnica favorable.

Sexto.- O 24 de xullo de 2024 o Concello completa a documentación tras o requirimento do 15 de xullo. Constatouse que o certificado remitido acredita que as versións do proxecto corresponden ao mesmo documento aprobado, sen modificacións substanciais, e responden aos requirimentos efectuados.

Sétimo.- O 28 de novembro de 2024 o Concello achega a documentación requirida relativa ao certificado de aprobación da factura e ao certificado de axudas concorrentes. No certificado detállanse acredor, número de factura, concepto, importe bruto, IVE, importe líquido, datas e decreto. Indícase tamén que non existen outras axudas para a mesma finalidade, segundo informe da interventora do 10/06/2024.

Oitavo.- O 3 de abril de 2025 os servizos administrativos emiten informe técnico sobre o alcance das distintas versións do proxecto e a súa conformidade co certificado do secretario accidental (CSV SNQAJH9CZGSNRNI6). O informe conclúe que o certificado é axustado á realidade.



Noveno.- En data 28 de xaneiro de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: AK4CXFSZN1USUHXD), proponendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 11.091,47 € por recoñecemento extraxudicial de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo.- En data 29 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: L1EEB9KXKA2M97C8) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito o que permite continuar coa tramitación.

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificando, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 12.323,85 euros. O Concello de Tomiño xustificou un gasto total de 12.323,85 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 11.091,47 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Tomiño presentou fóra de prazo a documentación para a xustificación da *subvención* concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito e a Xunta do Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Tomiño para a redacción do proxecto “Mellora da mobilidade peonil e ciclable entre os equipamentos da Avenida República Arxentina. Fase I”, e proponse á Xunta de Goberno por resolución extraxudicial de crédito a aprobación da mesma polo anteriormente exposto; por importe de total de 11.091,47 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.
- Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Tomiño ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.



32.37119.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2026035706)

Vista a relación de operacións con número 2026035706 (CSV: U5YBP0RWVO7SSJ6E) que contén 6 operacións por un importe de 15.931,69 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	15.707,01 €
IVE soportable deducible.....	224,68 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	15.931,69 €

33.37120.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA BANDA DE MÚSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA PARA A SUBVENCIÓN “REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE A ESTRADA, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (Expte. 2025067762)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 10 de outubro de 2025, Marta Meda Rodríguez, en representación da BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA (NIF: G36029783) presenta solicitude para “Reparación de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 484,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA, do concello de A Estrada (NIF: G36029783) unha subvención de 363,00€ para “Reparación de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 17 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026010191, a BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA de A Estrada, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder afrontar o gasto pensado para o ano 2025.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 13 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA (NIF: G36029783) documento con CSV: KW5YO21XF7MU7LP1.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevar a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA (NIF: G36029783) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 363,00 € para a realización da actividade “Reparación de instrumentos musicais” (documento co CSV:KW5YO21XF7MU7LP1).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

34.37121.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. MUSICAL DE SALVATERRA PARA A SUBVENCIÓN “REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (Expte. 2025067195)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 08 de outubro de 2025, María Cristina Pereira Fuentes, en representación da ASOC UNION MUSICAL DE SALVATERRA (NIF: G36531036) presenta solicitude para “Reparación de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.598,48€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC UNION MUSICAL DE SALVATERRA, do concello de Salvaterra de Miño (NIF: G36531036) unha subvención de 1.198,00€ para “Reparación de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 23 de abril de 2026 e número de rexistro WEB2026035671, a ASOC UNION MUSICAL DE SALVATERRA de Salvaterra de Miño, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non dispoñer a asociación de liquidez para poder afrontar o gasto total correspondente.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 30 de abril de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC UNION MUSICAL DE SALVATERRA (NIF: G36531036) documento con CSV: 570RNH2NE9EWY3T4.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

- A data que sinala o denunciante, e que se recolle no informe da Policía Local de Bueu, é a do 18 de xullo, **mes e medio mais tarde** das actuacións de desbroce realizadas pola adxudicataria dos traballos, polo que os feitos denunciados non resultan compatibles coa actuación de limpeza de marxes da estrada provincial.
- Non houbo mais incidencias pola mesma causa.

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non sendo coincidentes as datas nas que se realizaron as limpeza das marxes e a que sinala na instancia, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica dos feitos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instructor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual...

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.



De tal operación, e a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 11/11/2024, recóllese **que a empresa contratada para a execución do servizo de conservación ordinaria da rede viaria** da Deputación de Pontevedra (Zona centro) era **TAXIF SERVICIOS FERROVIARIOS**, polo que, de ser o caso, cuestión que esta Deputación non prexulga, podería esixírselle á mesma a responsabilidade no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), ***“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.***

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



41.37128.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DO VILANOVA DE AROUSA. (Expte. 2024058299)

Dada conta que con data 07/08/2024 (núm. rex. 2024012583), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D.^a Lucía Piñeiro Leiro, por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia de losas de pedra soltas na Ponte dos Padriños en Pontearnelas, no Concello de Vilanova de Arousa, o día 03/05/2024, e que cuantificou economicamente 186,28 €.

Resultando.- Que aporta o reclamante, xunto coa instancia, parte de servizo da Policía Local de Vilanova de Arousa, no que se recolle o seguinte:

Que sendo las 16:14 horas del día de la fecha se recibe una llamada de teléfono informando en la misma de que al pasar por el Puente de Os Padriños en Puentearnelas sufrió daños en su vehículo al haber varias losas de piedra del pavimento sueltas:

La vía en cuestión tiene la denominación de E.P. 9511.

Personado en el lugar de los hechos se procede a realizar fotografías de los daños los cuales se encuentran localizados en la puerta derecha del turismo en su parte baja.

Se informa de que las losas sueltas se encuentran fuera del pavimento o zona de rodadura de los vehículos, se adjunta fotografías.



Resultando.- Que con data 02/10/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación.



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2025000900, de data 04/02/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse nese intre pendente da emisión do citado informe por parte do Servizo de Infraestruturas, non sendo factible a súa resolución no prazo establecido.

Resultando.- Que con data 06/02/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación emite informe co seguinte contido literal:

Primeiro.- A Ponte dos Padriños está no entorno do punto quilométrico 2+900 da EP-9511 CABANELAS-PONTE ARNELAS que pertence á rede provincial de estradas.



Segundo.- Non existe ningunha incidencia rexistrada en todo o ano 2024 para esa estrada provincial, nin por este nin por ningún outro motivo.

Terceiro.- O tramo de estrada está sinalizada en ambos sentidos por sinais verticais R-301 “Prohibición de circular a velocidade superior a 40, en quilómetros por hora”.

Cuarto.- A empresa Civis Global foi adxudicataria dos traballos de reconstrución da nova ponte sobre o río Umia en Pontearnelas (Vilanova de Arousa), tras realizar unha actuación de emerxencia para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia polo colapso da estrutura en abril de 2023.

A Xunta executou a cargo do contrato adxudicado as reparacións necesarias na ponte derivados do tráfico desviado polas obras no transcurso da súa execución. Dentro destes traballos procedeuse a reparar a calzada e tamén as beirarrúas e beiravías, incluíndo a reposición do pavimento na ponte sinalada como responsable do seu mal estado.

<https://civisglobal.com/civis-global-construye-el-puente-sobre-la-po-300-en-pontearnelas-tras-las-obras-de-contencion/>



Quinto.- En todo caso no informe da policía local contéplase o seguinte:

“Se informa de que las losas sueltas se encuentran fuera del pavimento o zona de rodadura de los vehículos”.

Achegando fotografías:



Esto non coincidiría coa manifestación exposta na reclamación na que se indica que:

“El día 03 de mayo del 2024, el vehículo con matrícula 0763FKM circulaba correctamente por el puente de Os Padriños en Puentearelas (vía EP9511), cuando debido al mal estado de la calzada, sobrepasa varias losas de piedra del pavimento que se encontraban sueltas y fruto de esto se ocasionan daños en la puerta delantera derecha del meritado vehículo”.

As pedras que provocaron os danos formaban parte da zona de beirarrúa, que se define como a franxa lonxitudinal da estrada, elevada ou non, destinada exclusivamente ao tránsito de peóns.

Estas losas en ningún caso forman parte da calzada que é a parte da estrada destinada á circulación de vehículos.

En definitiva, o vehículo non circulaba correctamente pola vía mencionada.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O incidente tivo lugar a plena luz do día, ás 16:12 horas do 3 de maio.
- Segundo o parte de servizo da Policía Local do Concello de Vilanova de Arousa, as losas soltas atopábanse fóra do pavimento ou da zona de rodadura dos vehículos.
- O tramo está sinalizado en ambos sentidos por sinais verticais R-301 de Prohibición de circular a velocidade superior a 40 km/h.



- As pedras que provocaron os danos formaban parte da zona de beirarrúa destinada exclusivamente ao tránsito de peóns, non da calzada, destinada á circulación dos vehículos.
- Non houbo mais incidencias pola mesma causa.

Considerando.- Que os danos reclamados teñen a súa orixe no comportamento exclusivo da condutora do vehículo que non circulaba correctamente pola calzada, senón que invadiu a zona de beirarrúa destinada ós peóns, o que impide a declaración de responsabilidade que se pretende respecto da Administración Pública, non podendo imputárselle a esta a responsabilidade pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o artigo 30 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, establece, respecto da utilización dos carrís de circulación, que *se circulará por la calzada (...)*.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”

Considerando.- Que a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa citado R.d. 1428/2003, que no seu articulado recolle o seguinte:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que non houbo mais incidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



42.37129.- COMUNICACIÓN

Non houbo.

43.37130.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento:

1. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DE CARACTER BIANUAL “PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ETAP. BAIONA” (Expte.2026017045)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Con data 25/03/2026, o Concello de BAIONA aproba o convenio de colaboración entre a entidade municipal e Augas de Galicia para a execución da actuación denominada “PROXECTO PARA A EXECUCION DAS OBRAS DE MELLORA DA ETAP. BAIONA” quedando distribuído o financiamento do acordo coa seguinte táboa:

Anualidade	Importe	Feder	Augas	Canon auga	Achega concello
2026	150.000,00				150.000,00
2027	2.178.875,27	913.927,82	878.087,51		386.859,94
2028	351.845,12	179.441,01	172.404,11		
FCA canon auga	3.579,31			3.579,31	
TOTAL	2.684.299,70	1.093.368,83	1.050.491,62	3.579,31	536.859,94



- En data 10/03/2026, mediante rexistro WEB2026018223 e 2026005830, emendado en data 07/05/2026, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de BAIONA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 536.859,94 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do concello do exercicio 2026 e 2027, ao convenio de colaboración entre a Augas de Galicia e o Concello de BAIONA para a actuación “PROXECTO PARA A EXECUCION DAS OBRAS DE MELLORA DA ETAP. BAIONA”, quedando configurada a súa petición de carácter plurianual, tal e como se indica na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027	OUTROS ORGANISMOS
2026	2.684.299,70	150.000,00	2.147.439,76
2027		386.859,94	
TOTAL	2.684.299,70	536.859,94	2.147.439,76

- O orzamento de 2.684.299,70 euros contempla 2.365.625,65 de execución de obra e 318.674,05 euros de outros conceptos (asistencias técnicas, seguridade e saúde etc..).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación de data 05/05/2026. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia. A devandita autorización, así como a acta de trazado previo (Anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de



modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de BAIONA, CIF: P3600300B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 536.859,94 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 150.000,00 euros á anualidade 2026 e 386.859,94 euros á anualidade 2027, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 e 2027 ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de BAIONA para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación “PROXECTO PARA A EXECUCION DAS OBRAS DE MELLORA DA ETAP. BAIONA” (Expte.2026017045), cuxo orzamento ascende a 2.684.299,70 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2026-2027	Outros Organismos
2026	2.684.299,70	150.000,00	2.147.439,76
2027		386.859,94	
TOTAL	2.684.299,70	536.859,94	2.147.439,76

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026 e para o que se emitiu o correspondente documento RC. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia, así como a acta de trazado previo debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de BAIONA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

2. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A INTEGRACIÓN, FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN PARCIAL DA ACTUACIÓN “INFRAESTRUTURA DE RECEPCIÓN TURÍSTICA E ACOLLIDA DO PEREGRINO – CASA DE DON ÁLVARO”, NO MARCO DO PSTD DEZA–TABEIRÓS TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2026036491)

I. ANTECEDENTES DE FEITO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membro para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membro; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.



Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Os investimentos do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS) e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Regulamento (UE) 2020/2094 del Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

- Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

II.FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. - A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instrumentase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveis de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

SEGUNDO. - A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

En consecuencia, a deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 15 de setembro de 2021 o proxecto “PSTD DEZA TABELRÓS – TERRA DE MONTES, OS CAMIÑOS POR DENTRO”.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Impulsar a transformación do sector turístico das comarcas e orientalo a un modelo de ecoturismo do Camino e a unha experiencia memorable para os viaxantes. Así, no marco do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, a transformación do modelo turístico en Deza e Tabeirós-Terra de montes basearase en potenciar os recursos naturais e culturais do territorio coa finalidade de estruturar unha oferta atractiva e singular ao redor dos valores naturais e patrimoniais nos camiños xacobeos da comarca, que garanta unha máis alta permanencia do viaxante e unha mellora na calidade da experiencia. O plan prevé transformar o destino, cun maior aproveitamento dos recursos do territorio, a mellora das infraestruturas e



a activación de novas iniciativas que garantan a posta en valor dos camiños xacobeos para os peregrinos, pero que tamén se convertan no fío condutor de produtos e actividades orientadas para calquera viaxante interesado co ecoturismo e nunha experiencia de achegamento á identidade do territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 30 de maio de 2026.

Ámbito de actuación do proxecto: os concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruzamentos na comarca de Deza e os da Estrada e Forcarei na comarca Tabeirós-Terra de montes.

Actuacións:

Actuación
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino
ACT003. Puesta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas
ACT004. Intervencións de mellora da caminabilidade da Vía da Plata
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos
ACT006. La peribici. Movilidade sostible nos Caminos Deza - Tabeirós Montes
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados aos Camiños de Santiago
ACT008. Museografía dixital dos monasterios de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas
ACT009. Comunicación dixital Camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro
ACT010. Plan de marketing dixital e promoción do destino
ACT011. Plan de formación sectorial
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ao recoñecemento oficial
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local
ACT014. Apoio ao ente xestor: coordinación, avaliación e seguimento
ACT015. Novos produtos turísticos nos camiños por dentro

Financiamento: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.069.000,00 euros

Subvención proposta: 2.069.000,00 euros

TERCEIRO.- O 8 de decembro de 2021 publícase no BOP o real decreto 1073/2021 do 7 de decembro polo que regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e Resiliencia.



CUARTO. - No artigo 4 de Entidades beneficiarias sinala entre outras á Deputación de Pontevedra, e en articulo 7 referido ás contías e financiamento detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 2.069.000, 00 €.

QUINTO. - Que o Municipio mostrou o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo #levar# a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto para implementar dentro do seu termo municipal.

SEXTO. - O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

SÉTIMO.- Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto do convenio é articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a integración, financiamento parcial, seguimento, xustificación e control da actuación vinculada á infraestrutura denominada “Casa de Don Álvaro”, incorporada como subactuación dentro da Actuación 2 do citado proxecto.

A actuación obxecto do presente convenio integrarase como subproxecto dentro do PSTD na aplicación COFFEE do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, correspondendo ao Concello de Lalín a carga da información relativa aos expedientes de contratación e execución das actuacións, baixo a supervisión da Deputación Provincial de Pontevedra como entidade coordinadora do PSTD.

OITAVO. - Especificase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos da actuación, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.



NOVENO. – A execución das actuacións previstas no presente convenio conta cun financiamento máximo de 325.293,70 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 433.4324.762.26 do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra (Proxecto 92210004 PSTD Deza–Tabeirós Terra de montes “Os camiños por dentro”).

Devandito financiamento destínase á execución de actuacións incluídas na Actuación 2 “Áreas de refuxio do peregrino” orientada a mellorar os servizos de acollida ao peregrino e reforzar a experiencia turística do territorio.

O 12 de maio de 2026 emítase informe proposta (CSV: EADBEGR593CASD6Q), Informe Xurídico (CSV: EJOE46UZWQR1DXN7) e Memoria Xustificativa (CSV: EJOE46UZWQR1DXN7).

O 14 de maio de 2026 o Servizo de Intervención emite informe favorable con observacións.

III.COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento da Deputación de Pontevedra.

III.PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o “*Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a integración, financiamento e xustificación parcial da actuación “Infraestrutura de recepción turística e acollida da peregrino – Casa de Don Álvaro”, no marco do PSTD Deza–Tabeirós Terra de Montes. vos camiños por dentro, financiado pola Unión Europea – Nextgenerationeu*”, cuxo texto é como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A INTEGRACIÓN, FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN PARCIAL DA ACTUACIÓN “INFRAESTRUTURA DE RECEPCIÓN TURÍSTICA E ACOLLIDA DA PEREGRINO – CASA DE DON ÁLVARO”, NO MARCO DO PSTD DEZA–TABEIRÓS TERRA DE MONTES. VOS CAMIÑOS POR DENTRO, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. Jose Crespo Iglesias, quen actúa en nome e na representación do Concello de Lalín, en virtude da súa condición de Alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



Actúa Dna. María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de Vicesecretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, para estes efectos, de común acordo.

EXPOÑEN

I. Que ambas as institucións comparten o principio de que os municipios, como administracións democraticamente elixidas, deben ser os axentes protagonistas e partícipes fundamentais nos ámbitos nos que se definen, deseñan e impulsan as políticas públicas de carácter local. Así mesmo, ambas as partes coinciden en que as deputacións provinciais deben actuar como institucións de cooperación local, desenvolvendo políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan acceder en condicións de igualdade aos mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Unión Europea, mediante o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, estableceu o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) como instrumento principal do programa NextGenerationEU, destinado a financiar investimentos e reformas orientadas a unha recuperación sostible, dixital e resiliente.

III. Que o Goberno de España aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, cuxa publicidade se deu mediante Resolución do 29 de abril de 2021. O Compoñente 14 do PRTR inclúe o investimento C14.I1, relativa ao Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD), unha actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais.

IV. Que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo de 2021, aprobou a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, que regula os criterios de selección, as obrigacións de xestión e as esixencias de seguimento, control e xustificación aplicables aos PSTD financiados con cargo ao PRTR.

V. Que a Deputación Provincial de Pontevedra presentou á convocatoria extraordinaria de PSTD 2021 o proxecto “Deza–Tabeirós Terra de montes. Vos Camiños por Dentro”, que foi aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo conforme a Resolución do 14 de setembro de 2022.

VI. Que o PSTD Deza–Tabeirós Terra de montes. Vos Camiños por Dentro contempla, entre outras, a Actuación 2 orientada á mellora dos servizos de acollida ao peregrino, a posta en valor de infraestruturas turísticas e o reforzo da experiencia do visitante no territorio.

VII. Que, no marco da execución do PSTD Deza–Tabeirós Terra de montes. Vos Camiños por Dentro, identifícouse a existencia dunha infraestrutura turística situada no municipio de Lalín, denominada “Casa de Don Álvaro”, destinada a funcións de acollida, recepción e interpretación turística vinculadas ao Camino de Santiago e á articulación dos recursos turísticos do destino.

A citada infraestrutura presenta unha vinculación funcional cos obxectivos perseguidos pola Actuación 2 do PSTD, orientada a mellorar os servizos de acollida ao peregrino e reforzar a experiencia turística do territorio.



VIII. *Que, no marco da execución e seguimento do PSTD, a Comisión de Seguimento celebrada en data 30 de abril de 2026, valorou favorablemente a incorporación dunha modificación parcial da Actuación 2, consistente en integrar unha infraestrutura de recepción turística e acollida do peregrino en Lalín, mantendo a coherencia cos obxectivos inicialmente aprobados.*

IX. *Que, conforme á resolución de concesión e á normativa aplicable, corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra a coordinación da execución do PSTD Deza–Tabeirós Terra de montes. Vos Camiños por Dentro, garantindo o cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, incluído o principio de DNSH, os requisitos de etiquetaxe aplicables, a rastrexabilidade dos fondos e as medidas antifraude previstas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021.*

Así mesmo, corresponde á Deputación articular os instrumentos xurídicos necesarios para garantir a adecuada execución, seguimento e xustificación de actuacións integradas no PSTD mediante fórmulas de cooperación interadministrativa.

X. *Que ambas as Administracións consideran necesario formalizar o presente convenio co fin de articular a integración, delimitación financeira, xustificación e seguimento da actuación vinculada á infraestrutura “Casa de Don Álvaro”, garantindo a súa adecuación ao marco regulador do PSTD e ás esixencias derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

XI. *Competencia e fundamento xurídico da actuación*

